

Num. 282



Novembro 2010

Periódico labrego de información técnica e sindical
Número de rexistro: 980635



sindicato
labrego galego
comisións labregas

Sen actividade labrega e sen medio rural non hai País



Non hai progreso, nin desenvolvemento, nin futuro, sen un sector primario forte que lle asegure os alimentos á xente. Neste senso, o SLG propónlle ao Goberno de Feijoo que defenda o dereito de Galiza á soberanía alimentaria, o dereito a que as nosas explotacións fornezan de alimentos

sans e de calidade ao pobo galego. Para iso, o primeiro que debe facer a Xunta é modificar as Directrices de Ordenación do Territorio, agora en trámite parlamentario, para que se reserve un terzo do solo para a produción alimentaria, para que os labregos e labregas podamos producir alimentos para todo o pobo

galego, asegurando así os alicerces socio-económicos do noso medio rural. Iso, sen esquecer a recuperación e mellora dos servizos públicos de atención ás nosas explotacións, así como aqueles que atenden á poboación rural, como sanidade, educación, coidados á xente maior, etcétera. **Páxs. 3 a 5**



Edita:

Edicións Fouce

Departamento de Publicacións de
Servicios Agrarios e Contables S.L.
CIF: B - 27165646

Coordinación:

Xosé García Rodríguez

Colaboracións: Carne Freire,
Manuel Docampo, Isabel Vilalba,
Charo Sánchez Parga, Ana Eiras,
Diego Sánchez Agra, Lidia Senra e
Xabier Gómez Santiso.

Deseño e maquetación:

Xosé García Rodríguez

Sede da redacción:

Ofelia Nieto nº 13-23
Santiago de Compostela
Tlf: 981 580449
Fax: 981 572570
www.sindicatolabrego.com
Depósito Legal: C-749/88



LOCAIS

NACIONAL - R/ Ofelia Nieto 13-23,
15705, Meixónfrío. Santiago de
Compostela. Tlfno. 981 554 147
COMPOSTELA - R/ Ofelia Nieto 13-23,
15705, Meixónfrío. Santiago de
Compostela. Tlfno. 981 588 532
MELIDE - Praza do Convento nº2
ARZÚA -R/ Padre Pardo nº24, 1º D
Tlfno. 981 508 177
SANTA COMBA - R/ Carmen
Santiso,nº22, baixo. Tlf. 981 880909
ORDES - R/ Nova nº 33, Baixo, 15680.
Tlf. 981 682908
BETANZOS - Praza da Constitución nº 4,
1º.Tlf: 981 773377
TEIXEIRO - R/ Martínez Pardo nº13, 1º
esq / Tlfno. 981 789 781
SAN SADURNIÑO - Lugar de Outeiro s/n
981 490430
O BARCO - Casa sindical
Tlf. 988 321511 / Fax: 988326723
VERÍN - Travesía de Sousas nº 20,
Galerías Maga Tlf. 988 590438; Fax 988
590439
RIBADAVIA - R/ Virxe do Portal, nº11.
Tlf. 988 477230 Fax. 988477230
XINZO - Casa Sindical Tlf. 988 462547
LUGO - R/ Miguel de Cervantes nº47, ent.
Tlf. 982 231154
SARRIA - Rúa Calvo Sotelo 108,
entrechán B. Tlf: 982 876155 / 659735862
CHANTADA - Praza do Concello, baixos
AISSTI/Fax: 982 462103
A FONSAGRADA R/Fonte, nº3, baixo. Tlf.
982 350 080
ESCAIRÓN - Local da Cámara Agraria
RIBADEO - Av. Calvo Sotelo, nº3, 1ºE.
Tlf/Fax. 982 130615
LOURENZÁ - Av. da Mariña nº11, 1º. Tlf.
982 121376
VILALBA - Cidade de Viveiro 1 ent. A.
Tlf.982 512431
MEIRA - R/ Xeneralísimo 47-49. Edf. Miño
Entrechán E. Tlf/Fax: 982 331 714
A ESTRADA - R/ Capitán Bernal nº10, 1º
Tlf/Fax 986 573232
LALÍN - R/Arenal nº1, entrechán 3. Tlf.
986 792 268
SILLEDA - Av. do Parque, 32
Centro comercial O Parque, oficina 12
986 580526
PONTEAREAS - R/ Dos Amieiros,portal
1ºA, 1ºC. 986 641508
Martes a xoves, de 10.00 a 13.00
O ROSAL - R/ Ramón Franco, Edf.
Rosales. Tlf. 986 625 394
O SALNÉS
Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes,
Ribadumia. Tlf. 986 718 526

2 / Sumario

nº 282
Novembro de 2010



Editorial, pax. 3

■ Desfacer Galiza non é ordenar o territorio!

Posición diante das novas ameazas do Goberno da Xunta ao medio rural:
as Directrices de Ordenación do Territorio, as modificacións na Lei do
Solo, ou a privatización do uso e control da auga.



■ Directrices de Ordenación do Territorio: O novo plan da Xunta para aniquilar o medio rural.

■ A Xunta deixa desprotexidas as terras agrarias tras modificar a Lei do Solo.

■ O proxecto de parque eólico de Vilamartiño no Valedor do Pobo.

■ 30.000 sinaturas polos dereitos lingüísticos dos galegos e as galegas.

■ O Concello de Mesía declárase libre de transxénicos.

■ A Xunta volve abandonar ás explotacións afectadas pola fauna salvaxe.

Galiza, paxs. 4, 5, 6 e 7

Aldea Global, páxs. 8 e 9

■ Isabel Vilalba defende na FAO á agricultura labrega como solución á fame no mundo.

■ Cendán defendeu en Bruxelas unha nova PAC baseada na soberanía alimentaria.



Caderno central

■ Xornadas sobre a historia do Sindicato Labrego Galego. Etapa de clandestinidade (1970-1977)



Sectores Vexetais, pax. 10

■ Nova táboa reivindicativa das organizacións da Coordinadora Europea da Vía Campesina para o sector do viño na UE.

Sectores Gandeiros, paxs. 11, 12 e 13

■ Mobilizacións por un prezo do leite que nos permita vivir do noso traballo. Crónica das negociacións na Interprofesional Láctea (Inlac) polo prezo do leite. Ante a negativa das industrias de fixar un prezo que remunere custes e o traballo, o SLG retomarás as mobilizacións.

■ O SLG expresou o seu desacordo coa privatización do servizo de identificación do gando /Procedemento para a identificación do gando



Montes, pax. 14

■ Cogomelos e castiñeiros nas xornadas formativas do SLG, Frouma e Alto Támega celebradas en Laza.

Mulleres, páx. 15

■ As labregas do SLG afondan na venda directa e no agroturismo a través dun programa de actividades formativas.

■ XIX Encontro Anual da Muller de COAG (Utiel, Valencia). De como a PAC e a crise afondan na discriminación das labregas.



Eira, páxs. 18 e 19

■ Taboleiro de anuncios: Charlas e assembleas do SLG por todo o país para falar das novidades nas negociacións polo leite, da Lei de Aguas, do novo sistema de identificación do gando, do sector forestal, etcétera

■ Anuncios compra/venda/troco das nosas explotacións

Contracapa, páx. 20

■ Campaña contra os transxénicos no agro galego. Listaxe das marcas comerciais de millo transxénico MON 810 comercializadas en Galiza.



Desfacer Galiza non é ordenar o territorio

Na Galiza, estamos a vivir agresións moi fortes á nosa esencia como nación por parte da Xunta. Se primeiro lle tocou ao idioma galego, neste momento a agresión centrase no territorio e en cuestións ligadas a este, coma os usos do solo e a auga.

► **As Directrices de Ordenación do Territorio**, que se atopan en fase parlamentaria, planifican a desfeita do noso País, que sempre foi e aínda segue sendo rural; até as cidades máis grandes, como Vigo e A Coruña, son de base e cultura rural. O territorio está ocupado, na súa maior parte, por núcleos de poboación pequenos de baixa densidade. Os pequenos barrios articulados en parroquias, agrupándose logo en concellos e en comarcas naturais, levan funcionando dende hai dous mil anos.

A Xunta propón rematar con boa parte da nosa identidade como pobo, apostando por unha nova xeografía do poder feita a medida do neoliberalismo económico máis depredador, concentrando a poboación en cidades ou zonas metropolitanas, ao pé de grandes polígonos industriais con infraestruturas para comunicar as grandes urbes entre si, e cos servizos centralizados nelas. En definitiva, unha Galiza atractiva para as dinámicas dos mercados e da especulación das multinacionais, onde as persoas non contamos.

Nesta proposta, os sectores primarios non teñen cabida; como producir alimentos aquí sae mais caro que en África, propóñennos apostar polo I+D+I, ou sexa: por procurar aportarlle valor engadido ao

producido en países terceiros, pagando con cartos públicos a investigación para que quen se desenvolva sexan as grandes empresas, que logo usan ese desenvolvemento para instalarse neses países, onde recollen grandes beneficios a costa de escravizar á poboación, degradar o medio ambiente e non pagar impostos. Os nosos montes, a nosa terra agraria e o noso mar, resérvanse para o turismo e para que as multinacionais fagan negocio coa produción de enerxía.

► **A modificación da Lei do Solo de Galiza**, que se está a tramitar de urxencia e sen publicidade, no paquete dos orzamentos da comunidade autónoma para o 2011, faise para permitir que o solo rústico de especial protección, onde se inclúen o agropecuario e o forestal, poida converterse en solo industrial, urbanizable, de infraestruturas ou instalacións. Nun acto máis de desconsideración á produción de alimentos e de agresión aos labregos e labregas.

Nesta nova xeografía do neoliberalismo, enmárcase tamén a Lei de Augas de Galicia, recentemente aprobada polo Parlamento Autonómico, que é un paso importante na privatización do uso e do control do uso da auga, cambiando o concepto impositivo: se ata agora pagabamos polo servizo prestado no subministro, dende este intre pretenden que paguemos polo uso da auga. Así, poderán cobrarnos polo uso de todas as augas, incluso das que nacen nas propias fincas ou das que se aproveitan da choiva.

No Sindicato Labrego Galego faremos o posible para impedir que vaian para adiante estas políticas tan lesivas para a nosa identidade como pobo.

Temos que reivindicar, con forza, o dereito que temos como labregos e labregas a producir alimentos para a poboación, o dereito a que Galiza siga sendo un espazo onde poidamos traballar e vivir dignamente as persoas, e non un negocio para as multinacionais.



D.O.T.: o novo plan da Xunta para aniquilar a Galiza rural

As Directrices de Ordenación do Territorio (D.O.T.), xa no Parlamento, esquecen as actividades agrarias

O proceso de desenvolvemento das Directrices de Ordenación do Territorio (DOT) leva en marcha dende febreiro de 1996. Tras case quince anos de traballos e trámites, en

xuño de 2010, aprobouse un documento inicial que, agora mesmo, está en fase parlamentaria. Tras unha primeira lectura, o Sindicato Labrego ergue a voz de alarma: as DOT plani-


fican a ordenación territorial de Galiza sen ter en conta as actividades agropecuarias e sen definir o papel que ten que xogar o medio rural no sustento e desenvolvemento do país.

Para o SLG, así como para todos os labregos e labregas, non se pode planificar o futuro de Galiza sen ter en conta ao sector agrario e o seu cometido fundamental: producir alimentos para a xente. Nembargante, as DOT que promove o Goberno da Xunta marxinan aos sectores agropecuarios e esquecense de definir o papel que ten que xogar o medio rural.

Así, propóñenos unha nova Galiza urbana e centralizada, cunha estrutura piramidal e xerarquizada. Estas DOT procuran unha maior concentración da poboación nas grandes áreas, potenciando a desaparición dos pequenos concellos e núcleos do rural. O equilibrio do territorio que se propón está baseado no crecemento das zonas urbanas e en rematar coa dispersión da poboación no litoral. É dicir, que estas directrices potenciarán o aumento da desigualdade e do desequilibrio poboacional entre a costa e o interior.

As DOT que están a debater no Parlamento contemplan a desaparición das parroquias, das comarcas naturais, dos pequenos núcleos e, con eles, dunha maneira de ser e de vivir.

Como consecuencia, tamén desaparecerán os servizos que se prestan á poboación dende a proximidade -tanto para as explotacións como para as persoas-, as comunicacións entre pequenos núcleos, etcétera. Con todo isto, tamén se darán por desaparecidas as actividades primarias ligadas ao territorio.



Quince anos de traballos na Xunta de Galiza para planificar o desmantelamento da Galiza rural e labrega

Ocio, turismo, enerxía e minería en vez de agricultura, gandería, pesca e marisqueo

Semella que as Directrices de Ordenación do Territorio que anda argallando a Xunta queren deixar o medio rural coma un espazo para actividades que teñan que ver co ocio, o turismo, a minería e a produción de enerxía; e non coa produción de alimentos.

As DOT refírense ás actividades produtivas da agricultura e da gandería dicindo que a Xunta realizará estudos para identificar as zonas con maior valor agrológico; o problema é que serán os planeamentos urbanísticos de cada Concello os que definan os usos agrarios e gandeiros das zonas con maior produtividade. Deste xeito, queda claro que, neste novo deseño de País, dáse por desaparecida a actividade agraria, xa que non se reservan espazos para esta fin nin se prevé un plan sectorial.

Este deixar de lado ao sector primario afecta, do mesmo xeito que ao agro, á pesca e ao marisqueo. A zona litoral quedará reservada para atraer poboación e actividades que buscan emprazamentos excepcionais.

Así, o litoral vincúlase en exclusiva ao ocio, á actividade turística, ao patrimonio natural e á paisaxe. Tampouco se prevé un plan sectorial nin se preservan espazos para o marisqueo nin para as actividades relacionadas coa pesca.

■ Cidadanía de primeira na Coruña e Vigo, xente de cuarta no medio rural

A Xunta propón unha ordenación do territorio baseada nos intereses dos gobernantes e das dinámicas de poder económico e non nos intereses das persoas. Así, concentran a poboación en grandes espazos urbanos, deteriorando moito o seu nivel de vida e establecendo cidadáns de primeira, segunda, terceira ou cuarta segundo vivan nun espazo metropolitano (Coruña e Vigo), nas tres grandes cidades restantes (Lugo, Ourense e Santiago), nun sistema urbano intermedio ou fóra destes espazos urbanos. Se prevé dotar de servizos a toda a comunidade dende os grandes núcleos dun xeito xerarquizado.

Está en xogo a nosa identidade como pobo

A nosa identidade como pobo tamén depende da nosa estrutura territorial, da nosa estrutura produtiva, da nosa cultura baseada nos valores tradicionais e na ligazón á terra e ao mar como centro da nosa existencia, do noso medio ambiente e da nosa paisaxe mantida polos labregos e labregas.

Todos e todas temos dereito a uns servizos públicos básicos de calidade na proximidade, independentemente do tipo de poboación onde residamos: sanidade, educación, atención aos maiores, cultura, comunicacións, tramites administrativos, etcétera; e as directrices de ordenación do territorio deben garantir este dereito.

Desde o Sindicato Labrego Galego

non podemos asumir o que se postula nas DOT para o mundo rural e agrario, para a actividade agrogandeira e para o futuro dos labregos e labregas da Galiza, xa que supón a nosa desaparición.

Fronte a estas DOT, o Sindicato Labrego Galego aposta polo dereito dos labregos e labregas a ocupar un espazo; a ter un futuro coa súa profesión que lles permite producir e vivir do seu traballo; a xogar un papel na conservación e defensa da calidade do territorio, da paisaxe e do medio ambiente. O SLG loitará polo mantemento dos postos de traballo na agricultura, poñendo freo ao actual proceso de desaparición da explotación agraria familiar.

Batería de alegacións do Sindicato Labrego

O SLG non pode aceptar o que estas Directrices de Ordenación do Territorio contemplan para o sector agrario. Por iso, o Sindicato Labrego presentará alegacións pedindo a retirada destas DOT; retomar como base de traballo o Plan de Comarcalización de Galiza; garantir o mantemento da superficie agraria útil, mellorándoa até acadar polo menos un terzo da superficie total do territorio; garantir os servizos públicos de proximidade existentes no rural e traballar na súa mellora.

A Xunta deixa desprotexidas as terras agrarias tras modificar a Lei do Solo

Permitirá parques empresariais e urbanizacións en solo rústico de protección agropecuaria e forestal

A partir de agora, as terras agrarias poderán ser usadas para parques empresariais, proxectos urbanísticos, infraestruturas e instalacións. De seguir adiante a modificación da Lei

do Solo que pretende a Xunta, calquera uso da terra prevalecerá sobre o agrario. No SLG seguimos reclamando que un terzo do solo se reserve para producir alimentos e que os

governos defendan o dereito de Galiza á soberanía alimentaria. O SLG recorrerá esta lei para seguir defendendo o dereito dos labregos e labregas a producir alimentos.

O Consello da Xunta aprobou, dentro do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas ligado aos orzamentos e polo procedemento de urxencia, unha modificación da Lei do Solo de Galicia relativa ao solo rústico protexido. Estes cambios refírense á definición e ao uso de solo rústico protexido, incluíndo os diferentes tipos: solo rústico de protección agropecuaria e solo rústico de protección forestal.

Recentemente, en febreiro deste mesmo ano, a Xunta modificara a Lei do Solo (Lei 2/2010) para permitir as actividades mineiras en solo rústico de especial protección. Agora, trátase dunha modificación para permitir a construción de parques empresariais, promocións urbanísticas, implantación de infraestruturas, dotacións e instalacións.



A pesares da importancia da modificación, esta aprobouse con carácter de urxencia, sen publicidade, sen debate parlamentario, sen pasar polo Consello Económico e Social nin polo Consello Agrario Galego, e incluíndoo no paquete dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2011.

De seguir adiante esta

Lei, as terras agrarias máis produtivas non contarán con ningunha protección real. Calquera uso terá prioridade sobre o uso para producir alimentos. A Xunta continua coa teima de facernos dependentes de países terceiros no relativo a alimentación, renunciando ao dereito á soberanía alimentaria como un dereito fundamental para dotar á

ciudadanía de alimentos en cantidade e de calidade.

Si mañá en calquera das nosas explotacións agrarias se proxecta un campo de golf, un polígono industrial, unha urbanización, un aproveitamento eléctrico ou un polideportivo, por poñer algúns exemplos, e se a Xunta está de acordo, non temos nada que facer para impedir que se nos arrebatén as nosas terras.

Neste sentido, o Sindicato Labrego anuncia que vai acudir aos tribunais do Contencioso para recorrer esta Lei e así impedir a total desprotección das terras agrarias ante calquera negocio especulativo. O SLG seguirá defendendo o dereito á soberanía alimentaria, o dereito das labregas e labregos a producir alimentos para a poboación, uso para o que reclama a reserva de, polo menos, un terzo do solo de Galiza.

Cabanas denuncia o proxecto de parque eólico de Vilamartiño no Valedor do Pobo

A Comisión de Afectad@s presentou alegacións nas que expoñen o impacto económico e social das obras

O pasado 20 de outubro, a Comisión de Afectados e Afectadas polo parque eólico de Vilamartiño, da parroquia de Cabanas (A Baña), mantivo unha xuntanza co asesor do Valedor do

Pobo para temas agrarios, José Ramón Cólera Leirado. A intención do encontro foi a de entregar no rexistro as alegacións contra a construción do parque eólico, amais de expli-

carlle a problemática polo miúdo ao Valedor pois, segundo dicía o documento entregado "o parque eólico é unha agresión directa ao xeito de vida e ao desenvolvemento da zona"

O proxecto do parque eólico de Vilamartiño afecta ás parroquias de Cabanas, Lañas, Marcelle e Barro, do Concello de A Baña; e ás parroquias de Rial e Coucieiro, de Val do Dubra.

No caso que nos ocupa, o da veciñanza de Cabanas, os impactos previstos pola instalación do parque poñen en perigo o medio de vida e o entorno do lugar. No prego de alegacións, denúnciase que parte do parque eólico se construíra sobre parcelas de uso agrogandeiro e forestal das que depende a actividade das explotacións da zona.

Así, este proxecto enerxético entra en conflito directo cunhas explotacións que levan máis de trinta anos facendo investimentos de mellora, modernización, concentracións parcelarias, etcétera; e que supoñen a única actividade económica que mantén habitada e viva a zona.

Neste senso, existe o problema engadido de que hai parcelas de monte que

recibiron axudas públicas para facer plantíos e que non poden allear nin alugar voluntariamente os terreos beneficiados -como acontecería se estes se cedesen ao parque eólico- xa que, de facelo, terían que devolver as axudas percibidas con xuros.

■ Impacto directo nas fontes e nos mananciais

Outra das ameazas que se denunciou foi a que pende sobre os acuíferos existentes nos terreos afectados, varias fontes e mananciais de auga que abastecen á veciñanza e ás explotacións e que se verán irremediabilmente afectadas debido a profundidade dos alicerces que sosteñen aos aeroxeneradores e ás gabias que se escavarán para soterrar o cableado.

Finalmente, a veciñanza de Cabanas tamén denunciou unha absoluta falla de información da empresa Galinova, redactora do proxecto, e da Consellaría de Industria, para coa xente afectada.



A Comisión de adectad@s, xunto aos servizos xurídicos do SLG, xa lle transmitiu ao Valedor as súas queixas polo parque eólico

Apoio dos servizos xurídicos do Sindicato Labrego Galego

Segundo reza o documento entregado ao Valedor do Pobo, "a instalación do parque eólico supón unha agresión directa ao xeito de vida e ao desenvolvemento da zona".

Por este motivo, e por todo o devandito, o SLG puxo os seus servizos xurídicos ao servizo da Comisión de Afectados e Afectadas polo parque eólico para tentar paralizar o que, a todas luces, é un atentado contra o futuro da parroquia de Cabanas e do seu sostén económico-social.

30.000 sinaturas en defensa do galego no ensino e nas administracións públicas

O 18 de outubro, unha ampla representación da Plataforma Cidadá Quere-mos Galego, que agrupa máis de 700 entidades sociais de diferentes ámbitos (entre elas o Sindicato Labrego Galego) acudiu ao rexistro do Parlamento de Galiza para facer entrega de algo máis de 30.000 sinaturas de apoio á tramitación dunha proposi-

ción de lei para a garantía dos dereitos lingüísticos en dous ámbitos da vida pública fundamentais "para unha oficialidade real da lingua galega": o ensino e as administracións públicas.

A secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego, Carme Freire, estivo presente no acto de entrega de sinaturas para apoiar a iniciativa.



Carme Freire acudiu á entrega de sinaturas no Parlamento de Galiza

As explotacións afectadas pola fauna salvaxe volven quedar na estacada

Conservación da Natureza destina 28.000 € a prevención, que beneficiarán só a 23 explotacións

A dirección xeral de Conservación da Natureza, da Consellaría de Medio Rural, incluírá tan só 28.000 € na partida destinada a cubrir as axudas destinadas a prevención de ataques da fauna

salvaxe. O número de explotacións que van poder desenvolver medidas de protección ascenden a 23, cantidade irrisoria en comparación cos ataques da fauna salvaxe que sofren as explotacións.

Ademais, as estatísticas nesta problemática son erróneas, xa que moitas explotacións non declaran os ataques sufridos debido ás complexidades burocráticas e á escasa contía das axudas. Esta situación leva a que, estatisticamente, figure tan só unha pequena parte dos ataques que se producen, feito que provoca que se reduzan aínda máis as partidas orzamentarias para esta fin.

Para o Sindicato Labrego Galego, a partida orzamentaria destinada por Conservación da Natureza é manifestamente insuficiente, xa non só polas escasas explotacións que se verán amparadas nunha problemática que afecta ao país enteiro; senón porque estas subvencións deberían ser a fondo perdido e cubrir os custos totais das medidas protectoras para que non supuxesen ningún custo para os labregos e as labregas afectadas, que non teñen ningunha culpa dos estragos ocasionados pola fauna salvaxe.

Sen dúbida, o problema de fondo do que deriva esta situación é que nin a Xunta,



A desidia da Xunta deixará desasistidas ás explotacións galegas, un ano máis, diante dos danos causados pola fauna salvaxe

en xeral, nin as áreas de Medio Ambiente e Medio Rural, en particular, están a apostar por unha ordenación real do territorio que dea prioridade e protexa os usos ancestrais do medio rural e, a maiores, posibilite a convivencia entre as actividades agrogandeiras e forestais, por unha banda, e a fauna salvaxe, por outra.

A pesares de que a responsábel de Medio Ambiente, Terra e Montes do SLG, Charo Sánchez Parga, mantivo un encontro co director xeral de

Conservación da Natureza, Ricardo Borregón, no mes de febreiro; e a pesares de terlle presentado unha batería de propostas para solucionar a problemática devandita, o Sindicato Labrego Galego non recibiu outra resposta que a raquílica partida orzamentaria que se destinará para paliar un problema que está a poñer en xaque moitas explotacións do país que, dada a crise de misérrimos prezos que sofren o meirande dos sectores produtivos, verán seriamente ameazada a súa viabilidade.

O papel dos labregos e das labregas en manter o noso patrimonio natural

A sociedade que goza do medio ambiente debe ser consciente da contribución que realizamos os labregos e as labregas ao mantemento das zonas rurais. Ao ser o patrimonio natural un ben de todos e de todas, a responsabilidade da súa mantenza e conservación debe recaer sobre o conxunto da sociedade. É imprescindible que os labregos e as labregas sintamos plenamente o apoio e o recoñecemento da sociedade. Para o SLG, compete á Administración a maior responsabilidade neste terreo, xa que teñen nas súas mans dúas ferramentas para marcar o rumbo nesta cuestión: capacidade normativa e competencias de xestión.

Nembargante, a Consellaría de Medio Rural, nos danos da fauna salvaxe sobre as explotacións, deixa ao colectivo labrego nunha situación de desamparo que afonda na tendencia ao abandono da actividade agraria e dos espazos rurais o que, a maiores, agudiza o feito de que a fauna salvaxe estea chegando ás nosas parroquias e aldeas, resultando máis doado o seu acceso ás explotacións.

Un dos municipios galegos elixido polo Ministerio de Agricultura e, neste caso, pola muntinacional Pioneer, para experimentar con cultivos transxénicos ao aire libre, vén de dicir “nunca máis” aos cultivos manipulados. PSOE, PP e BNG aprobaron por unanimidade, no pleno do 30 de setembro, que Mesía sexa zona libre de transxénicos. No acordo, instán a toda a comarca a seguir

Mesía declárase municipio libre de transxénicos

co exemplo e piden que Galiza e o Estado se acollan ao principio de precaución.

O pleno pediu “realizar as xestións necesarias para garantir que nos establecementos que dependen do Concello de Mesía non se expendan ou sirvan comidas e bebidas que conteñan entre os seus

ingredientes OXM e os seus derivados”.

Para o SLG, a importancia da decisión radica en dous feitos. En primeiro lugar, asinan a declaración os dous partidos políticos responsábeis de que España sexa a maior leira de transxénicos de Europa (PP e PSOE); o cal

demonstra que as decisións dos e das gobernantes pouco teñen que ver coas bases que lles votaron. En segundo lugar, Mesía foi un dos concellos elixidos polo Ministerio de Agricultura para experimentar con OXM ao aire libre. A decisión de Mesía obrigará a que o pensen dúas veces en Madrid antes de volver converter as nosas leiras nun laboratorio de perigosos ensaios agrícolas.

Vilalba defende na FAO á agricultura labrega como solución á fame

A sindicalista do SLG estivo unha semana en Roma participando nos debates do Foro da Sociedade Civil

A responsábel de Mulleres e Soberanía Alimentaria do SLG, Isabel Vilalba, estivo unha semana en Roma, do 8 ao 13 de outubro, para participar na Asemblea Xeral da Organi-

zación das Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación (FAO) en representación da Marcha Mundial das Mulleres, da que o SLG forma parte. Vilalba foi parte activa

do Foro da Sociedade Civil, unha novidade introducida para dar participación nos debates a colectivos sociais de todo o mundo dentro da campaña "More and Better".

O Foro da Sociedade Civil ocupou a Isabel Vilalba dos días 9 ao 11, e nel, representantes de organizacións de todo o mundo tentaron concretar estratexias de cara a presionar sobre as diversas políticas nacionais e internacionais, con vistas a diminuír o número de persoas esfameadas e desnutridas no mundo; e para que aumenten os apoios -en calidade e cantidade- á agricultura, á alimentación e ao desenvolvemento rural.

■ Acaparamento de terras.

O 12 de outubro, a sindicalista do SLG formou parte dunha acción de denuncia da Vía Campesina e da Marcha Mundial das Mulleres no edificio da FAO contra o acaparamento de terras. Este fenómeno, cada vez máis común, consiste na compra ou expropiación de grandes masas de terra para que as multinacionais poidan explotar concesións mineiras ou facer monocultivos moi agresivos co medio ambiente, como aqueles orientados a producir agrocarburos ou de celulosa.

O roubo de terras é un fenómeno crecente que inclúe a expulsión das comunidades labregas das súas propiedades ancestrais, ou a desaparición da produtividade alimentaria a escala local para substituíla por alimentos exportados en zonas xa moi castigadas pola fame e a desnutrición. O feito de despoñer ás comunidades locais das súas terras e privarles da posibilidade de producir os seus propios alimentos é o mesmo que condenalas a pasar fame.



Isabel Vilalba representou á Marcha Mundial das Mulleres e á Coordinadora Europea da Vía Campesina diante da FAO

“É absolutamente inmoral seguir con 1.000 millóns de persoas esfameadas”

A maiores, Isabel Vilalba foi unha das relatoras na táboa redonda sobre a incidencia que ten a volatilidade dos prezos dos alimentos na fame e na vulnerabilidade de millóns de persoas en todo o mundo. Este debate desenvolveuse o 13 de outubro, e estivo organizado polo Comité de Seguridade Alimentaria da FAO.

Vilalba opúxose ás posicións que mantiñan que a fame é algo xestionable, pero inevitable; e tamén a aqueles países e organizacións que seguen a defender a liberalización, desregulación e especulación nos mercados agrarios, fenómenos que están detrás da volatilidade dos prezos dos alimentos.

Para Vilalba “é absolutamente inmoral seguir con 1.000 millóns de persoas esfameadas no planeta e con perspectivas de que a cousa vaia a peor por factores como o cambio climático ou un aumento da volatilidade dos prezos dos alimentos. Non podemos aceptar que se continúe na mesma dirección, non podemos aceptar que non se tente atallar o problema da pobreza de raíz e que a loita contra ela se siga limitando a unhas poucas e insuficientes accións paliativas”.

Como exemplo ilustrativo do devandito, Vilalba sacou a colación a crise alimentaria de 2008, cuxo factor máis determinante foi a volatilidade de prezos provocada pola especulación; ese mesmo ano, as industrias agroalimentarias e as multinacionais da distribución incrementaron notablemente os seus beneficios ao tempo que centos de millóns de persoas ficaban condenadas a pasar fame.

Cómpren prezos xustos e estables na agricultura e no comercio

A responsábel de soberanía alimentaria do SLG denunciou que o cambio de rumbo depende de decisións políticas, pois son decisións políticas as que permiten a especulación ou a desregulación dos mercados, provocando a volatilidade dos prezos dos alimentos e a ruína de millóns de labregos e labregas.

A solución proposta por Vilalba foi pór a agricultura labrega e sustentable no centro da loita contra a fame e orientar as políticas cara á soberanía alimentaria dos pobos. Vilalba sostivo que “necesitamos uns prezos xustos e estables para os produtores e produtoras de alimentos, e tamén para os consumidores e consumidoras, que cada vez pagan máis polo mesmo”.

Neste senso, Isabel Vilalba apuntou que “é necesario regular o mercado e a produción agropecuaria, amais de acabar coas prácticas especulativas. A agricultura labrega é a que xera máis alimentos para a xente no mundo, e é menos dependente de recursos enerxéticos e produtos químicos ca outros modelos a gran escala, polo que a súa promoción será decisiva na loita contra a fame e o cambio climático”.

Cendán avoga en Bruxelas por unha nova PAC baseada na soberanía alimentaria

Participou en varios eventos da Coordinadora Europea da Vía Campesina en representación do SLG

O coordinador de Relacións Exteriores do Sindicato Labrego Galego, Xosé Ramón Cendán, estivo durante unha semana en Bruxelas para participar en diversos eventos que

tiveron por obxectivo presentar e defender a proposta da Coordinadora Europea da Vía Campesina (CEVC) para a Política Agraria Común (PAC) a partir do ano 2013. Deste xeito,

representantes de diversas organizacións da CEVC puideron achegarlle a súa visión da PAC aos/as principais responsábeis de agricultura no Parlamento e na Comisión europeas.

O primeiro acto no que participou Cendán foi un encontro con deputados e deputadas do Parlamento Europeo, que se celebrou o 26 de outubro. Nesta xuntanza, @s representantes das organizacións agrarias da CEVC, na que está integrado o Sindicato Labrego Galego, compartiron cos europarlamentarios e as europarlamentarias a súa visión da PAC.

Ao día seguinte, 27 de outubro, a CEVC celebrou unha conferencia internacional baixo o título “Como cambiar a PAC para responder aos desafíos europeos e globais” na que participaron, entre outros, o Comisario Europeo de Agricultura, Dacian Ciolos; o vicepresidente da Comisión de Agricultura do Parlamento Europeo, Jose Bové; o director xeral de Agricultura da Comisión Europea, Nikiforos Sivenas; e a presidenta do Consello Agrícola Europeo, Sabine Laruelle; xunto a membros da CEVC como Genèvieve Savigny ou Andoni García.

Os expertos e expertas invitad@s a este evento repartíronse en tres mesas redondas:

1. “Como cambiar a PAC para responder aos desafíos globais”, con Sabine Laurelle, Ministra de Agricultura de Bélxica e presidenta do Consello Agrícola Europeo; Nikiforos Sivenas, director xeral de Agricultura da Comisión Europea; e Genèvieve Savigny, da Coordinadora Europea da Vía Campesina.

2. “Instrumentos para unha Política Agraria Co-



A Coordinadora Europea da Vía Campesina xa puxo en mans do Comisario de Agricultura, Dacian Ciolos, a súa alternativa á PAC

mún xusta, sostíbel e reciprocamente solidaria no marco da soberanía alimentaria”, con Jean-Christophe Kroll, agroeconomista e escritor; Kirtana Chandrase-

karan, co-coordinadora do programa de soberanía alimentaria do movemento Amigos da Terra Internacional; Jose Bové, vicepresidente da Comisión de

Agricultura do Parlamento Europeo; Luis Capoulas Santos, membro da Comisión de Agricultura do Parlamento Europeo; e Andoni García, membro do grupo de traballo da PAC na CEVC.

3. “Política Agraria Común no mundo: como cambiar a PAC e as regras do comercio internacional para asegurar a soberanía alimentaria”, con Dacian Ciolos, Comisario Europeo de Agricultura; Gaëtan Van Lokeren, conselleiro do relator especial da ONU sobre dereito á alimentación, Olivier Sutter; Thierry Kestelot, responsábel de política agraria de OXFAM Solidariedade de Bélxica; e Badrul Alam, presidente da organización labrega de Asia Bangladesh Kriskok Federation.

Para poder vivir da agricultura cómpren uns prezos estables e remuneradores

Tanto o SLG, a través de Xosé Ramón Cendán, como a CEVC, defenderon nestes eventos un cambio de rumbo na PAC que estea baseado na soberanía alimentaria dos pobos e non, como ata o de agora, en orientar a agricultura e a gandería cara á exportación, de maneira que podamos manter e desenvolver unha agricultura labrega social e sustentábel que alimente á poboación, preserve o medio ambiente e a saúde, e manteña paisaxes rurais vivas.

Para iso, os labregos e as labregas deben poder vivir principalmente da venda dos seus produtos grazas a uns prezos agrícolas estables e remuneradores. É unha condición indispensable para o seu recoñecemento económico, e para así atraer ás persoas novas a esta profesión.

A Coordinadora Europea da Vía Campesina e o SLG tamén reivindicarán que se reserven os apoios públicos aos

métodos de produción e ás explotacións que son beneficiosas para o emprego e o medio ambiente.

A soberanía alimentaria establece para a agricultura a prioridade de producir para alimentar á poboación, en lugar de producir para o comercio internacional e para exportar. A UE, que se converteu no maior importador e, á vez, no principal exportador de produtos alimentarios, debería revisar a fondo as súas prioridades. Exportar leite en po á vez que se importa soia para alimentar ás vacas, ou producir as nosas froitas e verduras en países do Sur porque a man de obra alí é máis barata, arrástranos á calella sen saída social e ambiental na que nos atopamos agora, cun modelo agrario ecoloxicamente insostíbel e co peche de miles de explotacións cada ano que están a converter o medio rural europeo nun páramo deshabitado.

Redactada unha nova táboa reivindicativa para o sector vitivinícola na Unión Europea

A Coordinadora Europea da Vía Campesina asume o documento base achegado polo SLG

O 19 de outubro, reuniuse en Bruxelas o grupo do viño da Coordinadora Europea da Vía Campesina (ECVC). A esta xuntanza acudiu Manuel Docampo, do SLG,

quen presentou unha proposta de traballo que foi debatida, completada e aprobada e que marcará o traballo do grupo do viño da ECVC. A falta dunha avaliación por parte da Comi-

sión Europea das medidas derivadas da OCM do viño, e de coñecer as medidas futuras que pretende articular o Comisario; é importante ter claro que é o que queremos para o sector.



Imaxe de arquivo dunha manifestación do SLG, na cidade de Ourense, reclamando unha reforma da OCM do viño; en primeiro termo, o responsábel do sector no Sindicato Labrego Galego, Manuel Docampo

O Sindicato Labrego Galego presentou a proposta que se explica a continuación:

■ O sector do viño debe seguir contando cunha **Organización Común de Mercado (OCM) específica**, a partir do 2013, xa que Europa é a grande consumidora e produtora de viño do mundo e nos estamos vendo invadidos polas grandes producións feitas por multinacionais en países terceiros. Tamén comprobamos que o consumo do viño estase vendo desprazado por outras sustancias moito máis lesivas e non vinculadas á nosa cultura milenaria.

■ Os estados deben manter a **regulación e o control da produción**, pero non só das producións amparadas dentro de denominacións de orixe (DO) ou indicacións xeográficas protexidas (IXP).

As organizacións da CEVC manifestámonos en contra de que sexan as interprofesionais e/ou os órganos de xestión da procedencia e calidade específica (DO e IXP) quen decidan sobre os dereitos de plantación.

■ Defendemos a **negocia-**

ción colectiva dos prezos das uvas, tendo por interlocutores aos sindicatos agrarios representativos e aos/as representantes das empresas elaboradoras, no marco das interprofesionais ou mesas sectoriais da comarca e/ou comunidade

autónoma, e coa posibilidade de contratos homologados.

■ A Comisión Europea e os estados membros deben asumir **campañas de difusión e promoción da Cultura do Viño** dentro da UE. Herdamos unha cultura do viño milenaria, que está a desaparecer pola consideración que se lle está a dar ao viño polo seu compoñente alcohólico. Falar da cultura do viño e do que supuxo esta cultura na historia da humanidade non significa, necesariamente, incitar ao mal uso deste alimento.

■ Axudas á **promoción do consumo responsable de viño** dentro da UE. A pesares de que, no marco da Organización Común de Mercado actual, se promove o consumo en países de fóra da UE; isto non reportou un aumento do consumo en países terceiros. Nembargante, puidemos comprobar como baixou o consumo en Europa. Por iso, a nova OCM debe incluír as axudas á promoción dentro da UE.

Aposta pola produción labrega a pequena e mediana escala fronte ás grandes industrias

■ A UE debe darlle **prioridade á produción labrega** a pequena e mediana escala, fronte a produción industrial, como mecanismo eficaz de loita contra o paro e a crise económica. Esta aposta polas pequenas e medianas explotacións tamén servirá de mecanismo de loita contra o despoboamento do rural. Apoiar o modelo social dunha viticultura feita por viticultores e viticultoras ligados á terra e as boas prácticas culturais fronte ao modelo industrial, que é un modelo deshumanizado, deslocalizado, irrespectuoso co medio natural e que non fixa poboación no rural.

■ Defendemos os instrumentos de xestión e de control da calidade diferenciada e de procedencia (DO e IXP), como os coñecemos na actualidade, sempre ligados ao territorio, ás prácticas culturais específicas, ao clima, ao solo, ás variedades autóctonas. Opoñémonos a indicacións xeográficas de ámbitos non ligados ás calidades específicas das uvas e ás dos viños resultantes.

■ Traballar por unhas prácticas máis sustentables na viticultura e por un regulamento específico para os viños biolóxicos, que sexa restritivo en canto a prácticas enolóxicas e ao sulfuroso.

N. 282

Outubro 2010

Ano XXXVII

VOUCEIRO

VOUCEIRO das
COMISIOS
LABREGAS
de GALICIA
CC. LL.

Xornadas sobre a historia do Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas

DA CLANDESTINIDADE ATÉ A LEGALIZACIÓN (1970-1977)

COMISIOS
LABREGAS



Con corenta anos ás súas costas, o Sindicato Labrego Galego, as Comisións Labregas, decidiron facer memoria do vivido. Sen saudades e coa vista posta no futuro, na transformación e progreso do noso agro, o SLG está a desenvolver unhas xornadas ao redor da súa propia historia que comezaron o pasado 22 de novembro. A testemuña de persoas que foron semente precursora como Ramón Muñiz, Pencha Santasmarinas, María do Carme Santiso, Xosé Turnes, Gumersindo Campaña, Domingo Martínez ou Cándido Iglesias; pero tamén o recordo vivo de xente como Moncho Valcare ou Leopoldo López Rego; fixeron vibrar unhas lembranzas, ao redor da etapa da clandestinidade das Comisións Labregas, que hoxe nos enchen de orgullo e azos para seguir un camiño encetado nos derradeiros estertores da ditadura franquista.

Cando prendemos a mecha da revolución na Galiza labrega

O encargado de abrir as xornadas foi o sociólogo Ramón Muñiz, quen debullou para @s asistentes os vimbios cos que se trenzou, a comezos dos anos setenta, o que uns anos despois se

deron en chamar as Comisiones Labregas. Era aquela unha época que pouco tiña que ver coa imaxe que de Galiza transmitían os informativos do réxime. O agro galego sufría un atraso

e unha discriminación seculares que se estaban a expresar no conflito vivido co arrebatado dos montes de man común ás súas lexítimas donas e donos, e a salvaxe represión da Garda Civil.

Analfabetismo, illamento, a sangría da emigración, unhas relacións humanas case feudais ao redor dos caciques de cada lugar, e unha economía de mercado que, ao introducirse, colleu ao rural galego en cueiros provocando un atraso aínda maior, eran algunhas das características que definían á Galiza rural daquela época. Isto provocou que, por primeira vez, na conciencia das xentes que tiñan o seu medio de vida na terra, se producise unha ruptura xeracional cuxa fenda aínda segue a medrar nos nosos días: os labregos e as labregas xa non querían que os seus fillos e fillas herdasen o seu oficio ancestral.

Se ben a situación do medio rural galego, daquela, era dramática; tamén é certo que esta situación constituía un auténtico caldo de cultivo para fomentar a rebelión. Non en van, os derradeiros guerrilleiros que loitaron contra Franco, como Foucellas ou Curuxás, sobreviviron sempre ao amparo das familias labregas que lles daban amparo e sustento. Ese foi o campo de traballo que se atopou un mozo sociólogo chamado Ramón Muñiz, que andaba a argallar coas súas e os seus camaradas de partido, a Unión do Pobo Galego (UPG), o mellor xeito de loitar polas clases oprimidas. E non foi difícil decatarse, para aquela mocidade contestataria, de que non había clase máis oprimida que a labrega. Sabían o que querían, mais, o difícil era comezar, e como comezar.



Dúas etapas na historia do Sindicato Labrego: Ramón Muñiz, un dos fundadores a comezos dos anos setenta; e Carme Freire, actual Secretaria Xeral elixida no VII Congreso, celebrado no ano 2007

O xermolo das Comisións Labregas

O primeiro movemento desta mocidade revolucionaria foi directo cara aos labregos e as labregas; o seu punto de mira fixéronos e nas líderes de opinión que mantiñan unha relación estreita coa xente do rural. Así, tres foron os colectivos cos que empezaron a organizarse: as persoas que traballaban para o servizo de Extensión Agraria, os cregos e o corpo de mestres e mestrás, todos e todas cunha relación moi estreita cos labregos e labregas. Tamén se fixo un traballo semellante na Escola de Capataces Agrarios de Guísamo.

Tras estes primeiros contactos, e cando a cousa se vía que comezaba a madurar, dotáronse de estrutura e organización. Así nacerían os Comités de Axuda á Loita Labrega (CALL), unha organización de apoio de xente non labrega que uniu esforzos para, co tempo, deixar que fosen os propios labregos e labregas quen dirixisen a súa

organización. Deste xeito, en 1973 os CALL xa estaban en plena actividade, con asembleas clandestinas nas que se comezaban a tratar temas que serían decisivos para os anos de loita que logo habían vir: a Seguridade Social Agraria, as Encrobas, Baldaio ou Xove.

■ O Fouce

No mesmo ano, publicaríase o primeiro número de Fouce, que se utilizou para dar as consignas a seguir e para tentar crear conciencia ao redor das cuestións máis urxentes para o agro galego.

En 1974, o Fouce xa se comezou a publicar con regularidade. Repartíase de man en man, nos adros das igrexas á saída da misa, e era un instrumento ideal para romper o xeo nas primeiras tomas de contacto entre os Comités de Axuda á Loita Labrega e as xentes do rural.

De esquerda a dereita, e de arriba a abaixo:
tres imaxes representativas do traballo das
Comisións Labregas na etapa da clandestinidade. A loita contra as expropiacións de
Fenosa nas Encrobas, manifestación en
Carballo en defensa da praia de Baldaio, e
cartel de oposición ao proxecto de central
nuclear en Xove.



1975, a primeira acción: unha carta crítica asinada por 2.500 labregos e labregas

Así, paseniño, en 1974 xa se comezan a constituír os primeiros núcleos locais das Comisións Labregas. Na mente de todas as persoas que estaban involucradas neste fervedoiro había unha mesma teima: cumpría organizar algún acto para darse a coñecer publicamente. Desta maneira, en 1975, as Comisións Labregas fan “un primeiro acto de valentía” e mandan unha carta á prensa asinada, con nome e apelidos, por 2.500 labregos e labregas en plena clandestinidade. Nela, denuncian a súa problemática, afondando en cuestións como a da Cota Empresarial, o abuso dos prezos agrarios, os problemas de vivenda, a carencia de servizos de todo tipo

que se padecía en todo o medio rural, etcétera.

■ Boicot ás Hermandades de Agricultores y Ganaderos

A partir da aí xa se botaron cara a adiante. No verán de 1975, as Comisións Labregas lanzan a orde de boicotear a elección dos vocais e o presidente do Cabildo das Hermandades de Labradores y Ganaderos, o sindicato oficial do réxime dominado polos caciques.

Ese mesmo ano, as CCLL editan o seu primeiro programa agrario galego no que se propugnaba a reforma agraria.

1975 sería o ano no que se asentarian as Comisións Labregas, aínda cun forte apoio loxístico dos CALL.

■ Represión, escisións e estalido

A partires de agosto de 1975 ocorren unha serie de acontecementos que confluén nunha forte represión da Unión do Pobo Galego. Descubren un grupo armado, matan ao líder Moncho Reboiras e comeza a haber detencións, torturas nas comisaría, fugas, exilio. Isto provocou unha parada forzosa e a desmobilización dos CALL e das CCLL.

Tamén se Produce unha primeira escisión: nace Terra dun grupo de xente que non quería depender da UPG; pouco despois, pasa a chamarse Sindicato Agrario Galego (SAGA) para desaparecer en 1979. Unha parte volvería ás CCLL.

Coa morte de Franco, a finais de 1975, comeza unha nova etapa política de incerteza. Aparecen novos partidos políticos na Galiza, como o PSOE que, na etapa da clandestinidade, non dera sinais de vida na Galiza.

Esta leve apertura fai quen as Comisións Labregas se revitalicen. En 1976, hai un estalido do mundo labrego. Segundo Muñiz, naquel intre “deu a impresión de que toda a carraxe acumulada polos labregos e as labregas durante tantos anos de ditadura estoupase ante a apertura política”. Neste intre, comezan a sucederse innumerables loitas: Encrobas, Baldaio, Xove, Cota Empresarial, Portodemouros, etcétera.

10 de febreiro de 1976, feira de Carballo: a primeira manifestación

O 10 de febreiro de 1976, aínda na clandestinidade, as Comisións Labregas fan a súa primeira manifestación pública contra a Cota Empresarial e polo prezo do leite na feira de Carballo. Hai varios detidos.

O 28 de marzo de 1976, as Comisións Labregas boicotean unha manifestación impulsada por Manuel Corzo, xefe da Unión de Empresarios da Cámara Oficial Sindical Agraria (COSA) da Coruña, órgano das Hermanidades de Labradores y Ganaderos, na que se quería reivindicar a implantación de factorías procesadoras de celulosa na Galiza. Aproveitando que a este tipo de actos oficialistas se levaban labregos e labregas que non sabían moi ben a onde ían, as CCLL infiltraron aos seus manifestantes entre os da COSA, incitándoos a corear proclamas contra as celulosas e repartindo o Fouce



Unha das primeiras manifestacións das Comisións Labregas contra a cota empresarial. Entre as pancartas reivindicativas que se portaron, podemos albiscar unha da efémera Asociación Agraria Galega (AGA)

de man en man. Así, provocouse o caos entre os 15.000 manifestantes congregados na explanada de Riazor, o que levou á policía a cargar contra a manifestación para disolvela. Ao final, 37 detidos.


AGA: tentativa prematura de acadar a legalización

Como non había maneira de legalizarse, as Comisións Labregas decidiron botar man da Lei de Asociacións para constituír a Asociación Agraria Galega (AGA). A estratexia consistiu en que unha serie de dirixentes saíse á luz, facendo accións dentro da legalidade; mentres outra seguía na sombra coas Comisións Labregas polo que puidese acontecer e encargándose dos actos que, daquela, eran ilegais.

AGA presentou os seus estatutos en abril de 1976 e deuse a coñecer a través dunha rolda de prensa. A partir de aí, AGA comeza unha campaña de divulgación e decide facer a súa primeira asemblea en Monforte, o 7 de novembro de 1976, rememorando a pri-

meira asemblea agrarista galega de 1908. Pero o acto é prohibido polo Gobernador Civil. Ao ver que AGA tampouco pode desenvolver o seu labor, disólvena, saíndo á luz as Comisións Labregas con todas as consecuencias e coa intención de legalizarse como sindicato.

Finalmente, en 1977, publicouse unha Lei Sindical ao amparo da cal se presentaron os estatutos e a petición oficial para que as Comisións Labregas se legalizasen como Sindicato Labrego Galego. Así, o 15 de maio de 1977, celebrouse a primeira asemblea fundacional no salón de actos da Compañía de María, en Santiago de Compostela, facéndose entrega do primeiro carné de afiliación a Moncho Valcarce e tendo de coordinador a Emilio López.



Moncho Valcarce, o crego das Encrobas, mítico militante e un dos fundadores das Comisións Labregas ao que se lle deu, de xeito honorífico, o primeiro carné de afiliado, en canto se legalizou o sindicato, en recoñecemento do seu sacrificio e entrega

Mobilizacións por un prezo no leite que nos permita vivir do noso traballo

SLG e COAG farán protestas en todo o Estado tras a negativa da industria a facer acordos estables

Outubro arrincou no sector leiteiro con varias reunións da Interprofesional Láctea (Inlac) e de comités técnicos de cara a fixar un contrato homologado con prezo que nos sirva

ás explotacións e ás empresas. Ao final, diante da negativa da industria a fixar un prezo xusto para o último trimestre do 2010, o SLG e a COAG impulsarán, dende a unidade de

acción, mobilizacións en todo o Estado; e esixirán a intervención do Ministerio de cara a promover medidas legislativas que se concreten en valores dignos para o leite.

A primeira reunión da Inlac na que se comezou a traballar no tema do contrato obrigatorio para regularizar a relación comercial entre empresas e explotacións no sector leiteiro celebrouse o 13 de outubro.

Neste encontro participou a Secretaria Xeral do Sindicato Labrego Galego, Carme Freire, que deixou claro que o SLG non está disposto a aceptar que a obrigatoriedade dos contratos estea vinculada á recepción das axudas da Política Agraria Común (PAC). É dicir, se unha explotación non acepta o contrato porque, por exemplo, non está de acordo co prezo que lle ofrecen polo leite, entón o Goberno quítalles as axudas da PAC. Para o SLG, esta maneira de actuar é unha chantaxe inaceptable que só favorece ás industrias. Ademais, os acordos de prezos cun contrato polo medio deberían ser suficiente garantía para o seu cumprimento.

A maiores, a Secretaria Xeral do SLG defendeu que a creación deste contrato



Carme Freire, á esquerda, no transcurso da reunión da Inlac que se celebrou en Madrid o pasado 13 de outubro

universal e obrigatorio no sector leiteiro sexa só un primeiro paso que conduza, necesariamente, ao cumprimento dunha demanda histórica do Sindicato Labrego: a fixación e garantía dun prezo mínimo que cubra os custos da produción e deixe unha marxe de beneficios digna nas explotacións.

Os contratos non servirán de nada se non acadamos ese prezo mínimo garantido, sobre todo diante de ameazas como a teima da Comisión Europea en elimi-

nar os controis sobre a produción. De ir adiante esta pretensión de Bruxelas, os prezos caerían polo exceso produtivo, volverían pechar miles de explotacións e a produción acabaría concentrándose en poucas mans. Só un prezo mínimo que garanta a rendibilidade das explotacións, e o control da produción e dos mercados, manterán a flote o sector.

■ **A nova ministra debe intervir**

Trala reunión da Inlac do 5 de novembro, o SLG deci-

diu retomar a campaña de mobilizacións do sector lácteo, e fíxoo pedindo unidade de acción ás demais organizacións agrarias.

O principal motivo da decisión foi a negativa dos representantes das empresas a fixar un prezo para o leite do último trimestre do 2010 que cubra os custos de produción e remunere de maneira digna o traballo nas explotacións. Para o SLG, a situación arrastrada dende febreiro de 2009, con prezos que non cobren nin os custos, é insostible.

A diferenza do acontecido en meses pasados, as mobilizacións serán a escala estatal, xa que a COAG anunciou protestas en todas as zonas produtoras de leite do Estado.

Ademais, a Inlac solicitará unha reunión urxente coa nova Ministra de Agricultura, Rosa Aguilar, para esixirlle que o Ministerio interveña e promova medidas políticas e legislativas que se concreten nun prezo xusto para o leite e o garantan, asegurando a viabilidade das explotacións.

Abordan a problemática do leite na Gentalha do Pichel

O pasado 14 de outubro, a Secretaria Xeral do SLG, Carme Freire, e o Secretario de Formación e Servizos, Mariano Pazos, achegáronse até as instalacións da Gentalha do Pichel, en Compostela, para participar nunha palestra verbo do conflito do leite na Galiza. No

acto, tanto Freire como Pazos, disertaron coa xente participante ao redor das últimas novas do sector, como a campaña de boicot contra Lácteos Lence, Celta e Lactalis; ou a reivindicación histórica do SLG de cara a acadar un contrato homologado que fixe un prezo xusto para o leite.



Freire e Pazos achegaron a problemática do sector ás/aos asistentes

O SLG expresou o seu desacordo con privatizar a identificación do gando

O secretario de Sectores Gandeiros, Adolfo Cabarcos, reuniuse co subdirector xeral de Gandería

O secretario de Sectores Gandeiros do Sindicato Labrego Galego, Adolfo Cabarcos, mantivo, o pasado 11 de outubro, un encontro co subdirector de Gandería da Xunta, Manuel Castro-

Gil Amigo, para tratar a cuestión dos cambios que vai experimentar o sistema de identificación do gando nos vindeiros meses. A maiores, o SLG realizou unhas xornadas sectoriais do

vacún de carne en Becerreá, o 28 de outubro, para informar polo miúdo das novidades no sistema de identificación e na configuración e clasificación das canais.

Aínda que o Sindicato Labrego valora positivamente a posibilidade de que sexan os propios gandeiros e as propias gandeiras, a través da Oficina Agraria Virtual, quen realicen o proceso de identificación do gando; Cabarcos amosoulle a súa discrepancia ao subdirector en canto á intención da Consellaría de privatizar o servizo para aquelas explotacións que non teñan acceso a Internet.

En palabras do propio Adolfo Cabarcos: "A alternativa de que sexa o propio gandeiro quen identifique os animais, é algo que xa viñamos reclamando de vello dende o Sindicato Labrego é parécenos positiva, pois suporá un aforro de traballo para as explotacións, especialmente para as de tipo extensivo. O que xa non vemos ben é que as explotacións que non teñen Internet, deban pagar por un servizo que, dende o SLG, entendemos que debe ser



No encontro co subdirector de Gandería, Adolfo Cabarcos explicou a posición do SLG respecto dos cambios en identificación animal

público e non privado. Tal e como están de castigados os sectores gandeiros, isto vai supor unha carga máis".

En principio, a intención da Consellaría de Medio Rural é que o servizo de identificación do gando o poidan realizar aqueles colectivos que se dean de alta como "entidades identificadoras". Todas aquelas explotacións

que non poidan acceder a Internet para facer os trámites a través da Oficina Agraria Virtual, deberán pagarlle a unha destas entidades. Segundo os cálculos da Consellaría de Medio Rural, serán o 20% das explotacións gandeiras -entre 10.000 e 15.000- as que recorrerán a estas entidades para realizar o servizo de identifi-

cación e que, polo tanto, terán que pagar por el. Nembargante, a cifra podería ser moito maior se nos atemos aos datos publicados por un informe da Xunta de Galiza de decembro de 2009 sobre a situación da banda ancha no país. Dito documento revela que o 64% das explotacións gandeiras non teñen acceso á banda ancha; mesmo entre os concellos, que se barallan como principal acceso a Internet das explotacións que non teñen acceso á rede, o 53% carece dunha conexión de suficiente calidade para realizar axeitadamente a súa tarefa administrativa.

Diante destes datos, o SLG teme que o custe do servizo para os sectores gandeiros da Galiza poida ser moito maior do previsto pola Consellaría, ao dispararse o número de explotacións que dependerán dunha "entidade identificadora" para realizar o proceso de identificación.

Xornada sectorial de Vacún de Carne en Becerreá

O Sindicato Labrego Galego celebrou, o pasado 28 de outubro, en Becerreá, unhas Xornadas formativas sobre Vacún de Carne. Neste evento, analizáronse as últimas novidades que afectan ao sector a través de tres charlas-coloquio.

A primeira delas virou ao redor de o novo sistema de identificación do gando, e correu a cargo do veterinario da Oficina Agraria Comarcal de Becerreá, Ovidio Montaña, quen explicou polo

miúdo en que consistían as principais novidades neste tema.

Xa polo serán, tralo xantar e a charla do ex-inspector do Instituto de Calidade Alimentaria (ICA), Julio Franco Criado, e Iria Franco Pena, sobre configuración e clasificación das canais, falou da campaña contra a vacina obrigatoria para prevenir a enfermidade da lingua azul no gando, con intervencións de Xabier Gómez Santiso e Adolfo Cabarcos.



A xente que asistiu á xornada puido poñerse en día en temas que están a experimentar mudanzas, como a identificación animal

Aínda que xa está a funcionar o novo sistema de identificación do gando, será para o 1 de xaneiro cando o antigo desaparecerá. Ata o de agora, tiñamos dúas opcións para identificar aos animais: 1ª) Chamar para que viñeran os veterinarios identificadores de Seaga a facelo. 2ª) Ir polos crotais, poñelos e, despois, facer os trámites á oficina comarcal. Todo isto desaparece.

Claves para entender o novo sistema de identificación

O novo sistema ofrece dúas posibilidades:

1ª) Contratar o servizo a unha entidade privada, para que nos coloque os crotais e nos faga os trámites.

2ª) Facelo nós mesmos a través de Internet.

A primeira opción é a privatización total do servizo, e haberá que pagar os custes ás entidades pri-

vadas que fagan o servizo, o que significa que será caro; para o SLG esta opción non é recomendable, entre outras cousas porque os nosos crotais teraos a entidade que contratemos e nós non teremos ningún control sobre o sistema de identificación. Ademais, é de prever que sexa caro.

A máis recomendable é a

opción de facelo nós mesmos a través de Internet. O problema é que moitas casas no medio rural non teñen acceso a Internet. Así e todo, as posibilidades de facelo por esta vía son tres:

1. Facelo nós a través de Internet, dende a nosa casa ou dende calquera outro lugar onde poidamos conectarnos

2. Chamar ao 012 para que nos fagan os trámites, dándolles os datos por teléfono para que os introduzan na aplicación da Xunta

3. Ir a un sitio onde teñan conexión a Internet e nos metan os datos. Por exemplo, a xente afiliada ao SLG pode facelo no seu local do Sindicato Labrego Galego.

Pasos a seguir para poñer nós mesmos e nós mesmas os crotais

O primeiro que hai que facer é ir a buscar as crotais Isto faise na oficina agraria comarcal; alí darannos o 70 % de crotais do número de nais que teñamos no censo da explotación.

Unha vez que teñamos os crotais, que virán con números correlativos, irémolos poñendo, a poder ser por orde, xa que facilita o control dos mesmos. A "rutina" de identificación aconsellable é a que segue:

1. Colocamos o crotal na orella do animal e anotamos o número.

2. Anotamos no libro de explotación a alta con todos os datos que nos pide, xa que serán os mesmos que nos fan falta para inscribilo, e así terémolos diante.

3. Procederemos a inscribilo mediante unha das tres opcións do apartado anterior (A través de Internet pola nosa conta ou no local do SLG, ou no 012)



Como facer para inscribirse a través de Internet

O primeiro que debemos facer é entrar na web da Consellería do medio rural: <http://mediorural.xunta.es/>. Nesa páxina, na parte inferior esquerda aparece a "Oficina Agraria Virtual" (OAV); temos que facer dobre click co rato nese cadrado. De seguido, aparecerá una páxina na que podemos facer varias consultas e varios trámites. Eliximos en trámites o que imos facer (por exemplo "alta por nacemento") e facemos dobre click.

Na seguinte páxina pedirannos o documento de identidade ou CIF do usuario (titular da explotación) e máis o pin da solicitude de pagamento único. Metémolos e entramos noutra páxina onde nos piden o número do crotal que puxemos, a raza, o sexo, a data de nacemento e o crotal da nai. Metemos estes datos e comprobamos que sexan correctos; se é así, dámoslle a validar e xa está. Mentres non deamos a "validar", todo o que temos metido non vai entrar na aplicación, polo que estamos a tempo de corrixir.

Para dar animais de baixa, hai que proceder do mesmo xeito.

Como todo isto vai ser complicado para moita xente, e para irnos familiarizando co tema, o mellor é veñades polo local do SLG, onde vos axudaremos a facer todos estes trámites.

Cando veñades, non esquezades traer:

1. Número do voso documento de identidade ou CIF e pin da solicitude de pagamento único.

2. Libro de explotación cuberto ou todos os datos do animal:

1. número de crotal
2. número de crotal da nai
3. Data nacemento ou baixa
4. Se é baixa, CEA do tratante ou do matadoiro

Se optades por chamar ao 012, tamén son necesarios estes datos, e aparte cubrir o libro de explotación.

■ Outras aclaracións

- Para os duplicados de crotais ou guías, hai que ir primeiro á oficina comarcal a pagar as taxas

- No caso do ovino, a cousa funciona exactamente igual, coa única excepción de que os crotais serán dous por animal. Desaparece o bolo como sistema de identificación en ovino.

- Ollo co libro de explotación: agora non ten que estar selado, é dicir, non hai que levalo á oficina agraria comarcal. Así e todo, debe estar cuberto e ao día, xa que pode haber inspeccións. Se non tedes o libro ao día, pode haber sancións de condicionalidade.

Finalmente, dende o Sindicato Labrego aconsellamos que non se elixa o sistema a través de identidades identificadoras. En todos os locais do SLG estamos á vosa disposición para axudarnos en todos estes trámites.

Castiñeiros e cogomelos nas xornadas do SLG, Frouma e Alto Támega en Laza

Arrinca un conxunto de actividades formativas que se desenvolverán no 2011 ao redor do monte

O Sindicato Labrego Galego e a Asociación Frouma, coa colaboración da Asociación Cultural Alto Támega, están a desenvolver en Laza unhas xornadas formativas baixo o

título de “O castiñeiro para produción de froito” e “Producción e recolección de cogomelos”. Estas actividades constitúen só un avance dun ambicioso proxecto formativo

centrado no sector forestal e na xestión dos montes que se desenvolverá ao longo de 2011 e incidirá en cuestións como a manexo, xestión, certificación ou multifuncionalidade.

A primeira das xornadas desenvolveuse no salón de actos da Comunidade de Montes de Laza, Cimadevila e Souteliño, o día 23 de outubro, e congregou a máis de trinta persoas interesadas polo cultivo e silvicultura do castiñeiro. No evento analizaronse distintos aspectos do manexo do castiñeiro, dende a plantación ata as distintas variedades de castañas, pasando polos tratamentos silvícolas e as prácticas fitosanitarias, así como os métodos de recuperación de soutos abandonados. Ademais, tamén se estudiou o uso de plantas micorizadas, que compatibiliza o crecemento dos castiñeiros coa produción de cogomelos.

Para ilustrar toda a teoría, desenvolveuse unha parte práctica na que se contou coa experiencia de Xosé Manuel Guerra, membro da Asociación de Cooperación ao Desenvolvemento dos Soutos “A Castaña” de A Gudiña e vogal do Consello regulador da IXP “Castaña de Galicia”.



O traballo de campo foi clave no desenvolvemento das xornadas

Identificación e recollida de cogomelos, amais das principais técnicas de poda e enxerto

O pasado 6 de novembro, tivo lugar a segunda das xornadas, que sobordou as previsións de asistencia. Nesta ocasión, tratáronse aspectos relacionados coa produción de cogomelos nos montes da comarca, a súa morfoloxía e a vinculación das distintas especies ás masas arbóreas do país. A encargada da exposición foi a enxeñeira de montes, Diana Blanco. Na sesión da tarde contou coa presenza dunha afiliada de Chantada, Olga Otero, que explicou polo miúdo aos e ás asistentes como identificar e recoller cogomelos.

No xantar, compartíronse experiencias persoais sobre o manexo dos soutos e a recollida de cogomelos, axudando a conxugar ciencia e tradición para tentar acadar un maior progreso da multifuncionalidade dos nosos montes que contribúa a un meirande desenvolvemento rural.

En principio, estas xornadas terán continuidade cunha sesión práctica de poda e enxerto, que se celebrará na época de podar (durante o inverno), na que se porán en práctica algunhas das técnicas debulladas na primeira toma de contacto.

Ordenación dos montes, figuras de propiedade, certificación forestal

Estas actividades enmárcanse na programación formativa que o Sindicato Labrego Galego e a Asociación Frouma veñen realizando, conxuntamente, sobre temas relacionados co monte.

Estas actividades continuarán o vindeiro ano 2011 cunha ambiciosa programación na que se incluírá temática diversa, como a evolución, estado e ordenación dos nosos montes; a xestión e fiscalidade nas diferentes figuras de propiedade; ou aos distintos tipos de certificación forestal e as súas características.

En todos os casos incidirase na importancia da multifuncionalidade, analizando, polo miúdo, os múltiples usos do monte: gandería, micorrización de árbores, recolección de froitos, etc.

Polo de agora, están programadas, en colaboración coa Dirección Xeral de Montes, distintas accións formativas en todo o país sobre “Xestión das comunidades de montes veciñais en man común e ordenación de montes” e tamén sobre “Manexo das pequenas parcelas e xestión conxunta da propiedade forestal”.



EDICIÓN
laiovento
LAIOVENTO


aprécense en convidalo/a á presentación do libro
LIDIA SENRA RODRÍGUEZ. A HISTORIA DUN LIDERADO ENTRAÑABLE
de Tareixa Ledo Regal

O acto, que terá lugar o **sábado 18 de decembro as 12,00 h. no Auditorio de Galicia** (Santiago de Compostela), estará moderado por **Isabel Vilalba Seivane** (responsable da Secretaría das Mulleres do SLG-CCLL) e nel intervirán, **Xosé Manuel Beiras Torrado** (Edicións Laiovento), **Carme Freire Cruces** (secretaria xeral do SLG-CCLL), **Lidia Senra Rodríguez** e **Tareixa Ledo Regal**

A partires das 14,00 h. **xantaremos** con produtos labregos. Pola tarde compartiremos un **espazo festivo** para o encontro, a música, a poesía, a palabra e os soños.

Para poder organizar o xantar, cómpre que merques un bono de 10 € antes do 10 de decembro no local do SLG da comarca ou no local nacional (981 55 41 47 ou nacional@sindicatolabrego.com).

Pola mañá contaremos cun servizo de atención a nenas e nenos (avisar con antelación).



Xa á venda o libro

“Moncho Valcarce. Un símbolo para Galiza. Diarios inéditos e outros textos”

Edición de Victorino Pérez Prieto
Editorial Trifolium

18 €

Xa podes reservar os exemplares que queiras na túa oficina do Sindicato Labrego Galego

Servizo de asesoramento para labregos e labregas

Incidencia da fauna salvaxe nas actividades agrarias e gandeiras

Se tes problemas coa fauna salvaxe, ponte en contacto coa túa oficina do Sindicato Labrego Galego



As labregas do SLG afondan na venda directa e no agroturismo

A Secretaría das Mulleres impartiu actividades formativas en outubro para case medio milleiro de asistentes

A Secretaría das Mulleres do SLG mantivo os motores a toda máquina durante o pasado mes de outubro no que se refire a actividades formativas. As xornadas “Promoción de mulleres no medio rural”, subvencionadas polo Ministerio de Agricultura e nas que participaron case dúascentas afiliadas, tiveron como obxectivo fundamental o estudo de experiencias de venda directa como forma de valorizar o traballo das mulleres e potenciar novas oportunidades de emprego.

Outra das tentativas destas actividades foi a de fomentar a iniciativa particular ou en cooperación da venda directa como fórmula para tentar superar os baixos prezos dos nosos produtos.

Entre os obxectivos específicos destas xornadas estaban: potenciar o papel das mulleres como protagonistas do tecido produtivo e social galego, diversificar actividades como alternativa en época de crise e baixos prezos, fomentar a produción responsable e de calidade, valorizar os produtos locais, promover os cultivos ecolóxicos como alternativa de futuro, e achegar ás participantes a experiencias innovadoras de comercialización directa lideradas por mulleres.

Indo ao miolo das actividades formativas, estas desenvolvéronse en localidades como A Estrada, cunha xornada titulada “Apoio ao desenvolvemento das canles curtas de comercialización de produtos agroalimentarios no medio rural”, celebrada o 1 de outubro e á que asistiron 50 persoas; “Comercialización de produtos artesanais”, feita en Betanzos; “Diversifi-

cación de producións e vías alternativas de comercialización: a responsabilidade compartida”, en Muxía o 6 de outubro; ou a visita a experiencias como a xestión do monte comunal da Serra do Forgoselo polos seus comeneiros e comeneiras e ao viveiro “O Pumariño”, en Ferrolterra.

■ Outras dúascentas mulleres ao redor do agroturismo

Outra das vertentes do programa de formación desenvolvido pola Secretaría das Mulleres en outubro foi o agroturismo, con catro actividades formativas e divulgativas nas que participaron, tamén, ao redor de dúascentas mulleres: “Actividade agrogandeira e diversificación: introdución ao agroturismo”, celebrada en Chantada entre o 30 de setembro e o 9 de outubro; “Agroturismo”, en Vilasantar; amais doutras visitas a explotacións e experiencias agroturísticas en Vilalba, Mondoñedo, Pedrafita do Cebreiro, Palas de Rei e Vedra.



As actividades formativas da Secretaría das Mulleres do SLG procuraron combinar a teoría con sesións eminentemente prácticas

Accións formativas para pórse ao día en novas tecnoloxías e agricultura sostíbel

Dende a Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego, desenvolveranse nos vindeiros meses unha serie de actividades formativas en novas tecnoloxías e agricultura sostíbel dirixidas, especificamente, a labregas.

As novas tecnoloxías virán da man do Plan Conecta, con cursos que se desenvolverán en Ordes, Betanzos, Ribadavia, Xinzo de Limia, A Estrada, Lourenzá, Meira e Vilalba.

En canto á agricultura sostíbel, faranse cursos en xornadas de seis horas que terán lugar en Vilalba, A Mariña, A Estrada, Compostela, Arzúa, Teixeiro e Betanzos. A agricultura sostíbel concíbese como un sis-

tema integrado de produción que se aplica dun xeito local e específico en cada zona. Polo tanto, a súa posta en práctica obriga a unha serie de modificacións nos procedementos utilizados para a produción agrícola na actualidade. O programa incluírá os seguintes temas:

- Introducción: principios e características da agricultura sustentable, produción integrada e a agricultura ecolóxica.
- Deseño e distribución dos espazos. Planificación dos cultivos.
- A terra ideal: materia orgánica e compost.
- Coidados dos cultivos e mantemento.
- Solucións para as pragas: prevención e remedios sinxelos de gran eficacia.

O recorte nos orzamentos do Estado afonda na discriminación das labregas

O XIX Encontro Anual da Muller de COAG, en Utiel, analizou as contas do Goberno de Zapatero e a PAC

Dez afiliadas do Sindicato Labrego viaxaron a Utiel (Valencia) para participar, o 30 e o 31 de outubro, no XIX Encontro Anual da Muller de COAG. Nesta ocasión, as participantes,

unhas duascenas, centraron os debates en torno á inminente reforma da PAC baixo o lema “2013, política agraria e alimentaria con mulleres”. A pesares de que a Política Agraria

Común, dende unha perspectiva de xénero, foi o tema principal do encontro, a crise e as súas consecuencias nas políticas de xénero do Goberno ocupou tamén un lugar destacado.



Nas xornadas combináronse diversos obradoiros de aprendizaxe e debate, xunto con sesións prácticas a pé de explotación

Tras unha análise miúda dos orzamentos do Estado, pódese comprobar que as mulleres e a igualdade ás penas teñen peso (ambas palabras menciónanse só media ducia de veces nos orzamentos).

As cifras son máis contundentes que as palabras, con caídas nas partidas orzamentarias do 9'34% en programas de igualdade, do 3'35% nos programas de prevención da violencia de xénero, ou do 5'26% na Lei de Dependencia, tema este último que afecta de cheo ás mulleres, especialmente ás labregas, que son as que se encargan, no meirande dos casos, do coidado de persoas dependentes.

Tamén baixan un 11% os cartos destinados a protexer as situacións de maternidade, paternidade, e os riscos asociados ao embarazo e á lactancia natural. Por se non abundase, o Goberno derroga o permiso de paternidade de catro semanas, que xa estaba lexislado.

Boa parte das labregas da UE carecen de dereitos laborais

En canto á análise da PAC, se algunha conclusión quedou clara é que a Política Agraria Común perdeu completamente o norte con respecto aos seus postulados iniciais. Se a mediados dos cincuenta, cando se creou, a PAC pretendía aumentar a renda das labregas e dos labregos e asegurar a alimentación dos países do Mercado Común; o paso dos anos demostrou que o camiño seguido levou a unha situación completamente oposta.

Así, a crise actual fixo descender a renda dos labregos e das labregas da UE unha media do 12%, cando xa era o 50% máis baixa ca nos outros sectores laborais. Tamén a alimentación da cidadanía europea depende cada vez máis das exportacións.

A PAC, que promoveu unha agricultura industrial, cebouse, especialmente, coas explotacións rexentadas por mulleres que, polo xeral, desenvolven un modelo de agricultura oposto ao dominante: diversificada, de pequena escala, cun manexo máis sostible e con produtos de calidade. Ademais, nesta Europa da PAC, o meirande das mulleres labregas carecen de dereitos laborais, xa que a maioría non cotiza e non ten

dereito a cobrar unha paga ao xubilarse.

Para a responsábel de Mulleres e Soberanía Alimentaria do SLG, Isabel Vilalba, que estivo no encontro de Utiel, “a nova PAC debe recuperar as súas intencións orixinais, tales como aumentar a renda dos labregos e das labregas, ou apostar pola alimentación da cidadanía da Unión Europea, razóns polas que debemos defender a soberanía alimentaria”.

Para cumprir obxectivos coma estes, é necesario que a nova PAC aposte por manter o emprego e os prezos dos produtos agrarios nun nivel que os faga remuneradores do traballo nas explotacións. E isto só será posible se a nova PAC regula as relacións de mercado e as producións.

Os resultados do contrario levamos décadas sufríndoos: decenas de miles de explotacións pechadas en territorio comunitario (na UE pecha unha explotación cada minuto), un medio rural desertizado, e as industrias que cada vez se fan máis ricas a costa de empobrecer a millóns de labregos e labregas, que cobran prezos de miseria polo produto do seu traballo; e a cidadáns e cidadás, que cada vez pagan máis por uns alimentos de peor calidade.

Fiare
Banca ÉticaCampaña de
Captación de Capital Social

Fiare é un proxecto que nace en 2003 para a promoción da banca ética co obxectivo de crear unha ferramenta de intermediación financeira -en forma de cooperativa de crédito- que vele polo interese común, pola participación e a transparencia, e polo servizo á xustiza. Isto permite dirixir o aforo de persoas, familias e organizacións cara a proxectos que supoñen unha transformación da nosa sociedade e rescatar o valor social do diñeiro e a actividade económica, poñéndoo ao servizo dun mundo máis xusto, humano e sustentable.


Fronte ao sistema bancario especulativo imperante, Fiare propónse:

- Financiar unicamente actividades económicas con impacto social positivo.
- Ofrecer ao aforrador e investidor responsable a posibilidade de apoiar estas actividades.

Fiare opera guiada pola avaliación ético-social dos proxectos, a transparencia real, o traballo en colaboración coas redes locais existentes e a ausencia do ánimo de lucro.

Desde 2004 Fiare funciona xa como prestadora de servizos financeiros, como axente da Banca Popolare Etica, o que lle permite ofertar depósitos e préstamos

O papel de moitas persoas organizadas e implicadas resulta esencial. Contamos co apoio e traballo de máis de 220 asociacións e de 1.100 persoas en todo o Estado español.



Asociación Fiare Galiza:

En xaneiro de 2010 constituíuse a territorial galega, Asociación Fiare Galiza.

Algunhas das súas tarefas fundamentais son: fomentar a creación dunha sólida e ampla base social e contribuir na captación de capital social.

O capital social é o valor monetario das participacións dunha empresa, aportado polos seus socios/as. No caso dunha cooperativa de crédito, requírese da consecución dun capital social mínimo para obter a licenza bancaria, que avalará o seu funcionamento como banca ética. Este é un diñeiro que aportan os socios/as e que poden recuperar.

Como colaborar:

Podemos colaborar de moitos xeitos, todos eles son importantes e necesarios. Son fundamentais as **aportacións económicas**, pero tamén son **indispensables o traballo de difusión e formación**, a cesión dun **espazo** no propio local, etc. Anímate e convérte en:

- **Socio/a promotor/a:** contribúe co seu tempo á construción e difusión do proxecto, participando con voz e voto na toma de decisións.

Achega de capital social: persoa física, un mínimo de 300 €; persoa xurídica, un mínimo de 600 €.

Achega de fondos adicionais para gastos de constitución do proxecto (fondo perdido): a partir de 30 € as persoas físicas, e de 300 € as persoas xurídicas.

- **Socio/a colaborador/a:** contribúe ao proxecto pero non está en disposición de asumir o compromiso de traballo do socio/a promotor/a.

Achega de capital social: persoa física, 300 €; colectivos, 600 €; empresas e institucións públicas, 1.800 €.

Opcionalmente pode contribuir aportando fondos para gastos de constitución do proxecto (fondo perdido).

As achegas de capital social depositanse nunha conta específica xestionada por Fiare Galiza. No momento en que se vaia constituir a cooperativa de crédito as persoas socias serán informadas de que poden recuperar os cartos se así o desexan. Constituída a cooperativa de crédito, as achegas convertiranse en participacións.

+ info:

Blog: fiaregz.wordpress.com
Mail: fiaregz@proyectofiare.com

Campaña informativa do
SLG no sector lácteo

■ As negociacións na Interprofesional Láctea (Inlac) polo prezo do leite.

■ As Directrices de Ordenación do Territorio.

■ Modificación da Lei do Solo.

■ O novo sistema de identificación do gando.

■ A problemática vacina contra a lingua azul.

■ Experiencias de comercialización do leite en Gales.

■ O proxecto de Lei de Augas

Calendario:

- 16 novembro: **Lalín**
- 18 novembro: **Teixeiro**
- 18 novembro: **A Estrada**
- 18 novembro: **Arzúa** (Casa de Cultura 21:30)
- 19 novembro: **Melide** (Cooperativa Melisanto 15:30)
- 19 novembro: comarca de **Ferrolterra**
- 23 novembro: comarca de **Betanzos**
- 23 novembro: **Ordes** (Restaurante O Túnel 21:30)
- 23 novembro: **Vilalba** (Restaurante Terra Chá 11:00 da mañá)

Campaña informativa do
SLG no sector forestal

■ Funcionamento e xestión dos montes de man común.

■ Instrumentos de ordenación.

■ Dificultade de aproveitamento das pequenas parcelas de monte. Novas fórmulas de xestión.

Calendario

- 25 novembro: **Teixeiro**
- 26 novembro: **Comarca de Ferrolterra**
- 29 novembro: **Comarca de Betanzos**

Xornada de horta
ecolóxica en Compostela

Dende Compostela queremos animar ás persoas que fan horta ecolóxica a asistir a unha xornada o vindeiro día 25 de novembro.

O programa consistirá en dúas charlas: unha sobre a situación actual do sector, e outra centrada nos diversos tipos de comercialización.

Ademais, faremos dous grupos de traballo: un co obxectivo de ver os problemas que atopamos quen tentamos incorporarnos, amais de ver os proxectos e experiencias; e o outro, co fin de traballar na constitución de algo estable de intercambio entre nós.

Esta xornada pretende crear (recuperar) algo que moitos de nós estamos demandando, que é o ver-nos, falar e intercambiar.

Programa:

10:30. Horta ecolóxica. Situación actual

12:15.

a) Futuro para o ecolóxico. Posibilidades de creación dun grupo de traballo estable. Intercambios entre produtores e produtoras.

b) Travesías de incorporacións ou proxectos de incorporación. Experiencias.

14:00. Comercialización e rendibilidade. Perspectivas de mercado. Venda a maioristas. Venda directa, mercados, feiras ...

Data: **25 de novembro**
Hora: **de 10.30 a 18.30**
Lugar: **Local do SLG en Compostela (R/ Ofelia Nieto 13-23. Meixonfrío)**
Cómpre anotarse para confirmar asistencia no **981 588 532**

Mellora de explotacións e incorporación de
mocidade á actividade agraria

Para mozas e mozos menores de 40 anos que se vaian incorporar ou se incorporasen dentro dos seis meses anteriores á actividade agraria, así como titulares de explotacións (persoas físicas ou xurídicas) que vaian realizar investimentos en maquinaria, obras e outras melloras para a explotación.

Para a aprobación das solici-

tudes que inclúan obras para as que sexa necesario obter licenza, esta terá que aportarse antes do 1 de Decembro de 2010.

O prazo de solicitude destas axudas para os casos de primeiras instalacións por cesamento anticipado, ou por falecemento, xubilación ou invalidez do/a actual titular, o prazo permanecerá aberto ata o 30 de novembro.

LABREGAS COTIZANTES Á SS AGRARIA QUE TIVISEN
FILLA OU UN FILLO A PARTIR DO 1 DE XANEIRO DO 2008

Tedes dereito a solicitar a devolución dunha parte das cuotas pagadas á SS. durante os doce meses seguintes á baixa maternal. **Infórmate e tramítala no teu local do SLG, independentemente do tempo que xa pasara dende que tiveches ou fillo ou filla.**

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese

-Máquina de mallar marca Campelo (antiga) zona de Touro. Preguntar por Manuel a partir das 20:00 horas, no 981 191 327

Véndese

-Fresadora inglesa reforzada (1,30 de ancho).
Fresadora de latiguño, seminova.
-Arado de 5 regos.
-Gancho transportar os rolos.
-Sala de muxir de 2 puntos, con motor 2 CV (trifásica)
-2 caldeiros de muxido de 24 litros cada un.
-Tanque de frío PORTINOX 500 litros (trifásica)
-Cargador de batería
-Chave inglesa extra-grande
-Outras ferramentas
Chamar ao 981 798 681

Véndese

-Dúas limpadoras de cereal.
-Arado gravante.
-Muíño de cereal eléctrico
Chamar ao 982 175 132

Véndese

-30 vacas frisonas
-20 xovencas.
Por xubilación (A Estrada).
Chamar ao 986 586 713

Véndese

-Maceiras de sidra
-Mesa con plantón ecolóxico e castes do país. (En Chantada)
Chamar ao 655 698 299

Véndese

-Herba seca en rolos e alpacas grandes.
-Tanque de frío (1.780 litros) con lavado automático e trifásico.
Por xubilación (en Betanzos)
Chamar ao 696 105 786

Véndese

-Tractor Deutz Fahr Agrotone de 120 CV, con pa de 4 botellas, cazo, forquita, inversor hidráulico, aire acondicionado, 4 rodas novas, 4 marchas hidráulicas e 6 grupos, para cambiar por un máis potente.
-Remolque de tractor preparado para bolas de herba
-Coche Audi 80 1.8 E
Preguntar por Ovidio no teléfono 686 596 260 (Paradela-Lugo)

Véndese

-Rotoempacadora NEW HOLLAND de cámara fixa con pick up 2.10. En bo estado.
Chamar aos números de teléfono 981 790 333 e 616 356 436

Véndese

-12 xovencas de Rubia.
-1 tractor John Deere 2850 con pa
-1 encintadora suspendida nova marca WOLAGRI
Chamar ao 660 757 070 (Arzúa)

Véndese

-Becerras do país para recría, de 2 a 4 meses. (A Graña, O Covelo, Pontevedra)
Preguntar por Tielas nos teléfonos 699 833 797 e 626 442 294

Véndese

-Silo de penso de 4.000 quilos, con división interior, en bo estado.
Chamar ao 981 790 331.

Véndese

-Millo para ensilar.
Chamar ao 986 573 340

Véndese

-Tanque de frío de 3500 litros.
-Sala de muxido de 8 puntos e millo para ensilar.
Chamar ao 615 696 220

Véndese

-Preciosos cachorros de caza e compañía. Cruce de Hispano Bretón e Setter inglés.
Chamar aos números de teléfono 981 623 006 e 685 545 098

Véndese

-Touro Limousin novo.
Chamar aos números de teléfono 685 884 257 e 982 207 733

Véndese

-Xovenca de 8 meses.
Preguntar por Tomasa no teléfono 982 144 294

Véndese

-1 becerra marcada en ACRUGA
-2 da raza Blonda Aquitania.
Chamar ao 982 391 008

Véndese

-Xovenca frisona próxima ao parto.
Chamar ao 647 211 507

Véndese

-Vaca de 5 anos con cría de 6 meses.
Chamara ao 982526886

Véndese

-Rolos de palla (Baroncelle, Abadín)
Chamar ao 982 178 970

Véndese

-Tractor Class 110 cv, de 3 anos.
-Autocargador Class.
-Abonadora Kun 600 kg.
-Tanque de frío Alfa Laval de 780 litros.
-Circuíto de 3 puntos.
-7 xovencas próximas ao parto.
-Ventilador para as cortes.
-Silos de penso de 5.000 e 2.000 quilos.
-Cornadizas.
-Subsolador
Chamar ao 677 244 325 (zona de Compostela)

Véndese

-Tanque de frío de leite de 250 litros e segadora rotativa de 2 discos e 1,85 de traballo
Chamar ao 982 154 274

Véndese

-Quad Yamaha Wolverine 450 C.C. 4x4. Ano 2007. Impecable
-Quad Suzuki Itz 250 C.C. semi-automático. Ano 2007. Moi bo estado.
Chamar aos números de teléfono 661 808 545 e 661 808 546

Véndese

-Vacas e xovencas frisonas: boa xenética, control leiteiro, produción media 10.370 litros, calificación media 81, libre IBR-BVD.
-Tanque de frío POLIFRIO 2.500l.
Chamar ao tlfno 610 962 132, 626 250 993 ou 981 196 919

Véndese

-Cans de raza Pastor Alemán.
Chamar ao 697294144

Véndese

-Vacas e xovencas da raza frisona
Chamar ao 677 244 325

Véndese

-Tanque de frío marca Stork, capacidade 500l. Bo estado. Prezo 650€
-Circuíto marca ALFA-LAVAL 3 puntos, Bo estado. 300€
Chamar ao 982 144 078 ao mediodía ou á noite

Véndese

-Tractor MASSEY 165
-Subsolador de marca YIMPA
Chamar ao 696 004 515

Véndese

-Vacas rubias
Chamar ao 689 752 400

Véndese

-Autocargador marca Calagri de 22 m³, freo e descarga hidráulica, rodas anchas.
Chamar aos número sde teléfono 981 196 875 e 696 699 883

Véndese

-Vacas frisonas por cese explotación
Preguntar por Enrique no teléfono 636 256 131

Véndese

-BERTOLINI con arrobadeira para limpeza de eestablos. Prezo 700 €.
Chamar ao 626 809 998

Véndese

-Circuíto de muxido Alfa-Laval, de 3 puntos.
-Tanque de frío PACKO, de 850 litros, con refrixeración por auga.
Preguntar por Isidoro no teléfono 646 857 468

Véndese

-Viño e augardente do país.
Chamar ao 986 689 486

Véndese

-Cachorros raza POINTER para caza. Económicos.
Chamar ao 646 073 487

Véndese

-Desbrozadora marca FERL. En bo estado.
Chamar ao 650 322 719 (Zona Monfero)

Véndese

-Tanque de Frio. Capacidade 500 litros.
Chamar ao 676 810 396

Véndese

-Rotoempacadora GALLINANE modelo 5200. Bo estado.
Chamar ao 609 311 416

Véndese

-Enroladora de cintas marca JOHN DEERE modelo 350, moi bo estado, prezo a convir.
Chamar aos números de teléfono 630 528 721 e 982 14 41 82

Véndese

-Vacas cachenas.
Chamar ao 616 006 686 (As Nogais)

Véndese

-Colleitadora de patacas (Grimel 650, con tolva alta e cinta)
-Desbrozadora (3 regos) de patacas

-Tractor Jhon Deere 1635 con pala
-Reparditor de Abono
-Regadío con motor de 14 c.v.
-Remolque (10.000 Kg)
Preguntar por Perfecto no tlfno. 619 904 183 (zona Xinzo de Limia)

Véndese

-Máquina para a herba (ou toxos)
-Autocargador CAMPERO (bo prezo e en bo estado)
Chamar ao 981 793 513 e ao 608 551 543 (Zona Aranga)

Véndese

-Autocargador KRONE TURBO 2900.Zona de Oroso.
Chamar ao 981 695 588

Véndese

-Sementadora de herba de 3 m con ou sen grada
-Sementadora de millo de 4 regos.
Chamar ao 639 443 717

Véndese

-Rolos de herba seca (Santa Cristina, Cospeito)
Chamar ao 982 505 755

Véndese

-Encintadora SUPER TINO con bomba independente .
-Rotoempacadora CLASS ROLLANT 46 .
Chamar aos números de teléfono 699 290 176 e 609 864 738

Véndese

-Silo de pienso de 6.500 kilos, con división interior; soldado en aceiro inoxidable (Ribadeo).
Preguntar por Paco no teléfono 982 137 525

Véndese

-Máquina para limpar o trigo, muíño eléctrico e arado gravante.
Chamar ao 982 175 132

Véndese

-FIAT 1380 DT con pala ou LEON , con cazo, galleta e pincho.
Chamar ao 982 177 854

Véndese

-12 novillas rubias, preñadas.
Chamar ao 660 757 070

Véndese

-Colmeas
Chamar ao 648 187 857

COMPRAS

Mércanse

-Cornadizas e separadores de cubículos.
Chamar ao 982 410 508

Mércase

-Muíño de cereal eléctrico.
Chamar ao 659 66 13 42

OFERTA E DEMANDA EMPREGO

Necesítase

-Persoal para traballos con maquinaria na zona de santiago.
Chamar ao 638 082 792

Ofrecese

-Traballador para explotación agraria.
Preguntar por Manuel Martínez no teléfono 690 216 094

Ofrezo

-a cambio de coidados, 25 hectáreas de terra no Concello de Castroverde, para instalarse unha parella na actividade agraria e vivenda para compartir
móbil 982 312 386

Ofértanse

-Dous traballadores para calquera tipo de traballo en explotación agraria.
Preguntar por Manuel no teléfono 689 289 158

Ofrécese

-Traballador para explotación agraria.
Preguntar por Manuel Loureiro no teléfono 986 586 667.

OUTROS

Traspásase

-Explotación de leite (85.000 quilos de cota) Zona Santiago
Chamar ao 677 244 325

Alógase

-Casa pequena de pedra en Grañanova, Meira (Lugo).
Tlf. 646 857 468 (Isidoro)

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada ou no correo electrónico prensa@sindicatolabrego.com. Os anuncios publicanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

Alerta na sementeira de millo no 2011!!

Unha das ameazas máis sérias coas que nos enfrontamos labregas e labregos, e a sociedade, son os transxénicos. Agora, está empezando unha forte presión para que sementemos millos transxénicos. Ofrecemos algunhas das razóns polas que o SLG recomenda **non sementar millo transxénico**:

1. Dependencia. As variedades transxénicas están patentadas e ninguén pode gardar sementes para resemantar. Ademais, a través do pole contaminan. Corremos o risco de que, se alguén sementa ao noso carón e o noso millo se contamina, a empresa propietaria da patente do millo que nos contamine nos demande, podendo condenarnos a pagar importantes sumas.

Tamén nos farán dependentes do paquete agrotóxico que subministra a mesma empresa que manipula a semente.

2. É unha tecnoloxía cara. É posíbel que agora, para introducir estas sementes, as coloquen no mercado a prezos similares ás sementes normais. Mais cando se expandan contaminando, os prezos van cambiar, **porque estamos falando de sementes artificiais que se conseguen en laboratorios introducíndolles xenes doutras especies diferentes. Trátase de conseguir artificialmente algo que nunca ocorrerá na natureza, como é cruzar especies diferentes, por exemplo un peixe cun tomate.**

3. Antibióticos. No proceso de manipulación xenética utilízanse antibióticos que logo van quedar no millo e que as vacas van comer. Isto, ademais de supoñer un perigo para as persoas que logo comemos leite ou carne dos animais que inxeriron ese millo.

Tamén o comen as vacas, os becerros, os porcos, as aves, e poden volverse resistentes e non responder aos tratamentos con antibióticos fronte a mamite, pneumonías ou calquera outra enfermidade que teña ser tratada con antibióticos.

Tampouco sería descartábel a presenza de antibióticos nos alimentos que obtemos dos animais, tales como leite, carne ou ovos.

Nomes comerciais do millo transxénico MON 810

FOGGIA	DKC5784YG	KARTERYG	ES BLASON
ACCUA YG	DKC5018YG	KAVALAYG	PR31D61
ARENA YG	DKC6041YG	KURATUSYG	PR31N28
ARISTIS BT	DKC6675	LG3711YG	PR32G49
ASTURIAL BT	DKC6667YG	MAS52YG	PR32T86
AZEMA YG	ES ANTALYA YG	MAS58YG	PR32W04
BELES SUR	ES ARCHIPEL YG	MAS60YG	PR33B51
CAMPERO BT	ES MAYORAL YG	MAS71YG	PR33P67
CARELLA YG	ES CAJAUYG	PR35Y69	PR33Y72
ES PAOLIS YG	ESMILONGAYG	PR36B09	PR34N44
HELEN BT	LUSON BT	SF1035T	PR34P86
JARAL BT	KADENAYG PONCHO	SF1112T	PR35A56
EVOLIA YG	KARDANYG	SF4701T	* * *

Eu non semento millo transxénico. E ti?